

# **INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

## **DOG do venres 18 de xuño de 2021**

Resolución do 8 de xuño de 2021 pola que se convocan as bolsas de formación para o ano 2021 (código de procedemento VI440D). BDNS (Identif.): 570225. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

### **Persoas beneficiarias:**

Poderán solicitar esta bolsa todas aquelas persoas que no momento de presentaren a solicitude reúnan os seguintes requisitos:

- Ter rematado o grao exixido con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018.
- Ter competencia en lingua galega no nivel Celga 4, equivalente ou superior.
- Non ter sido con anterioridade beneficiario/a doutra bolsa de formación do IGVS.
- Non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa similar a esta.

Noutro caso, deberá renunciarse ao emprego ou á bolsa con anterioridade ao inicio da formación. – Non estar incurso en ningunha das circunstancias especificadas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Obxecto e réxime de concesión das axudas:**

Mediante a presente resolución convócanse dez bolsas de formación coa finalidade de que as persoas con titulacións universitarias e de grao relacionados cos ámbitos de actuación deste organismo poidan complementar os seus coñecementos teóricos cunha formación práctica (código de procedemento VI440D).

### **As prazas que se convocan son as seguintes:**

Seis bolsas para persoas con grao en Arquitectura ou con grao en estudos de Arquitectura con máster habilitante.

Dúas bolsas para persoas con grao de Arquitectura Técnica.

Unha bolsa para persoas con grao en Dereito.

Unha bolsa para persoas con grao en Economía.

**Contía das axudas :**

O importe de cada bolsa será de 1.000 euros brutos ao mes, que se farán efectivos, logo da certificación da persoa que asuma a titoría do bo aproveitamento da bolsa, tras realizar as retencións fiscais e sociais que lle correspondan, na conta bancaria que sinale a persoa beneficiaria da bolsa. A cantidade percibida no primeiro mes determinarase en función do número de días transcorridos desde a incorporación á bolsa.

**Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

[DOG venres, 18 de xuño de 2021 \(xunta.gal\)](#)